

Uma Lulik

Patrimonio Cultural de Timor Leste: As Uma Lulik de Ainaro.

Este proxecto consiste na catalogación das casas Sagradas da relixión tradicional timorense e a súa calidade como patrimonio cultural, de cara á súa protección pola UNESCO como patrimonio cultural.

As uma lulik ou casas sagradas, transcenden o seu valor como simples edificacións. Son a expresión materializada do grupo familiar que representan. Constitúen a natureza do culto tradicional dos antepasados como escenario da praxe ritual e das cerimoniais. Tamén condensan, no espazo da súa estrutura arquitectónica, o entendemento do mundo dos timorenses, os valores sociais que presiden a vida da comunidade e a orde cultural da realidade timorense. A primeira fase do proxecto céntrase no distrito de Ainaro.

Froito desta investigación son a Exposición: "As Uma Lulik de Ainaro: Identidades sociais e rituais em Timor-Leste", (EXPOLULIK) e o filme-documental: Uma Lulik, Futuro da Tradição (DOCLULIK)

Financiado polas Axencias Europeas de Cooperación en Timor Leste (España, Francia, Portugal, Unión Europea) e o Ministerio de Cultura de Timor Leste. Executado por ALGA e a Secretaría de Estado da Cultura de Timor Leste. Pódese obter máis información sobre o mesmo premedo aquí.